BASES DO SORTEO

UNA DE DOS COMUNICACIÓN S.C, dentro da campaña "PICADILLO 2022" promovida polo Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña (en diante o Consorcio), realiza un sorteo suxeito ás seguintes BASES:

1 - ÁMBITO DE APLICACIÓN

A promoción desenvolverase do 3 ao 13 de novembro de 2022.

Poderá participar calquera persoa que cumpra os seguintes requisitos:

2 - REQUISITOS

- Ser maior de idade e completar correctamente todos os datos solicitados na plataforma de votación establecida.

3 - CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

1. Sortearase un premio por persoa.

2. O uso e goce do premio corresponde unicamente ao titular gañador e á/ s persoa/ s que este designe expresamente como a súa/ s acompañante/ s, no caso de que así o especifique o premio.

3. Calquera outro gasto adicional alleo aos conceptos incluídos no premio ou non relacionado co mesmo ou o seu goce será sufragado polo gañador.

4. O gañador deberá acreditar a súa identidade ante os responsables designados polo Consorcio, se estes o solicítan.

5. O Consorcio queda exonerado de calquera responsabilidade derivada das posibles eventualidades sufridas polos participantes no sorteo ou durante o goce do premio.

6. A organización resérvase o dereito de substituír algún dos premios por outro similar e igual valor se fose necesario por causas alleas a ela.

7. Os agraciados cos premios cederán os dereitos de imaxe no caso de ser fotografados na entrega ou goce do premio. Estas imaxes poderán ser usadas polo Consorcio con fins promocionais en calquera medio.

8.- O sorteo realizarase unha vez finalizado o concurso, na cidade da Coruña.

9. Os premios serán os seguintes:

- ***10 comidas/ ceas*** en establecementos gañadores (Gañadores e mencións se as houbese).
- ***10 bonos " TalasoKids1 ou Entrada Adultos"*** (a elixir polo premiado)
- **10 entradas dobres MEGA** visita guiada con tiraje e experiencia de cata.
- **3 viaxes dobres Roteiro dos Monumentos** en moto de auga.

Extraeranse 1 cupón por premio máis 10 cupóns de reserva, para todos aqueles premios que queden desertos, ben por non poder contactar co gañador nas 48 horas seguintes, ou no caso de renuncia voluntaria.

10.- Os premios comunicaranse ao gañador persoalmente, chamando aos teléfonos proporcionados polos participantes, nun prazo máximo de 48 horas desde a celebración do sorteo. O agraciado poderá renunciar, se o desexa, ao premio. En ningún caso existirá a posibilidade de trocar os premios polo seu equivalente en valor económico.

A aceptación ou non do premio deberá confirmarse nese mesmo prazo de 48 horas. En caso contrario iniciarase o contacto cos suplentes correspondentes.

11.- A entrega do premio realizarase ao gañador de forma nominal na oficina técnica do concurso (c/ Europa nº 3, A Coruña).

12. – Todos os premios poderán gozarse ata o 31 de decembro de 2022.

Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes proporcionen con ocasión da participación neste sorteo pasarán a formar parte do ficheiro “promociones e concursos” cuxo titular é o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, coa finalidade de xestionar os datos das persoas que voluntariamente participen nas promocións e concursos organizados polo Consorcio para promocionar a cidade. Vde. poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Rexistro de entrada do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, C/ Sol, Edificio Sol s/n, 15003 A Coruña.

Así mesmo, a participación na presente promoción conleva a autorización por parte dos gañadores para utilizar a súa imaxe, nome e apelidos, para a súa publicación en calquera medio, con fins publicitarios e/ou promocionais.

Aceptación das bases

A simple participación nesta Promoción conleva a definitiva aceptación polos participantes das presentes Bases.

Para calquera consulta relacionada co presente sorteo poderán dirixirse a:

DATOS DA OFICINA TÉCNICA

C/ Europa 3, baixo

15007 A Coruña

Teléfonos: 639 155 247 / 636 447 574

tapaspicadillo@gmail.com